

As Aulas Avanzadas

J. Eladio Ferro

O sistema educativo español sitúanos nun modelo de escola inclusiva. Isto quere dicir que a escola ha de estar sometida a un constante proceso de innovación para poder dar resposta ás necesidades de todo o alumnado que necesita estar incluído na vida escolar e social da súa comunidade.

Tamén o alumnado con altas capacidades necesita desenvolver o sentido de pertenza á súa comunidade, onde se sinta aceptado e poida desenvolverse escolar e socialmente, contribuindo ao desenvolvemento dos seus compañeiros/as.

Cando un centro ten escolarizados a alumnos/as con AA CC, as aulas nas que están ubicados han de ser necesariamente aulas avanzadas, onde cada alumno/a terá que ir subindo banzos, asumindo retos diarios no seu proceso de aprender e non permanecer estanco, ensinándolle a meirande parte das veces o que xa sabe.

Pretendemos que o profesorado interveña sobre o currículo, que o modifique, que o abra, que o amplíe ou enriqueza, segundo as necesidades que atope na aula que lle toca xestionar.

As aulas avanzadas serán aquelas que sexan capaces de establecer dinámicas participativas cambiando os paradigmas actuais de ensinar-aprender, capaces de transformar a información en coñecemento epistemoloxicamente válido e útil e perseguir o máximo desenvolvemento de todos os seus alumnos e alumnas.